



## Asistencialismo ou cambio de estruturas

---

Xosé Cuns Traba e Luís Barreiro Carballal

Sentímolo. Pretender loitar cunha mínima garantía de éxito contra a pobreza e as súas causas implica decidir previamente entre as dúas alternativas que dan título a este artigo.

Por cal opta vostede? E a organización á que dedica o seu tempo ou os seus cartos? E a súa parroquia?

Unha das principais causas que están detrás do fracaso rotundo de moitas políticas e programas de inclusión social é non ser conscientes ou pretender agochar esta toma de decisións (ideolóxica e política) que se realiza de facto detrás de palabras moribundas como axudar (aos necesitados ou desfavorecidos), solidariedade, caridade<sup>1</sup>, compaixón, apolítica, etcétera.

Unha aclaración. Non vexan nin un asomo de crítica ás persoas que buscan cartos como sexa para pagar custosos tratamentos de seres queridos, nin as que dedican o seu tempo ou cartos á axudar aos seus semellantes.

Tampouco ás organizacións para quen estas actuacións son, e así o manifestan, un medio, medidas de emerxencia puntuais mentres seguen a loitar pola dignidade e os dereitos sociais das persoas. Pero é moi distinto, e en moitos casos obsceno, ver como moitas organizacións o converten nun fin en si mesmo, abusando da boa vontade de doantes e voluntarias.

---

1 [https://www.infolibre.es/noticias/opinion/2016/12/25/la\\_caridad\\_una\\_estafa\\_59157\\_1023.html](https://www.infolibre.es/noticias/opinion/2016/12/25/la_caridad_una_estafa_59157_1023.html)